

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación das Bases e convocatoria para a concesión de subvencións en materia de axudas económicas á escolaridade para o curso 2020/2021

ANUNCIO

Aprobación das bases e convocatoria para a concesión de subvencións en materia de axudas económicas á escolaridade para o curso 2020/2021.

Mediante Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data de 25/08/2020 acordouse aprobar as bases e a convocatoria para a concesión de subvencións en materia de axudas económicas á escolaridade para o curso 2020/2021, por procedemento de concorrencia competitiva.

“BASES REGULADORAS DE CONCESIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE AXUDAS Á ESCOLARIDADE PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021 (SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO)

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto xa subvencionados ou de préstamo), incluíndo gastos de dispositivos electrónicos, actividades extraescolares e vestuario deportivo, co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos/as matriculados nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO; todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Dodro.

Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto xa subvencionados ou de préstamo), incluíndo gastos de dispositivos electrónicos, actividades extraescolares e vestuario deportivo, destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 4.000 euros, con cargo a aplicación orzamentaria 326.48000, do orzamento do ano 2020.

3.- As axudas concedidas en virtude das presentes bases serán compatibles con calquera outra axuda que se poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo dos conceptos subvencionados.

Artigo 2º.- Destinatarios/as das axudas.

1.- Aos efectos destas bases, considerarase unidade familiar os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/filas menores de 18 anos, empadroados no Concello de Dodro e no mesmo domicilio, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

2.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2020 – 2021, pertencentes a unidades familiares empadroadas no Concello de Dodro.

3.- Para poder ser beneficiaria/o destas axudas, a/o solicitante deberá estar empadroado/a no Concello de Dodro cunha antigüidade mínima de seis meses. Tódolos membros da unidade familiar teñen que estar empadroados no mesmo domicilio. Estes requisitos deberán cumprirse na data de publicación desta convocatoria.

4.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2019, de todos os membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle aos datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Número de membros da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
Unidade familiar de 2 membros	18.071,28€ (2,8 x IPREM)
Unidade familiar de 3 membros	22.589,10€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 membros	26.461,52€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 membros	29.688,53€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 membros	32.270,15€ (5 x IPREM)

A partir do sexto membro, engadíranse 1.936,20€ (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

Os/as solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

5.- As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nos puntos anteriores, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adxudicaránse por estrita orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, atenderase ao maior número de fillos/as escolarizados/as e se o empate persiste terase en consideración a renda per cápita máis baixa.

Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.

3.1.- Lugar. As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica.

3.2.- Prazo. As solicitudes presentaranse no prazo de vinte días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do extracto destas bases no BOP.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibida a persoa solicitante que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3.- Documentación a presentar:

1.- Solicitude, segundo o modelo establecido.

2.- Fotocopia do DNI da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.

3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título en vigor.

4.-Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2019 (completa) da/do solicitante e cónxuxe/parella, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

5.-Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.

6.-Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Dodro, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ao Concello a obter esta información, segundo o modelo establecido.

7.-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Dodro, segundo o modelo establecido.

8.- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia no fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

9.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

10.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, certificado do Servizo Público de Emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

Artigo 4º.- Criterios de avaliación.

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2, valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes aspectos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.

- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.

- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.

- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.

- Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.

- Por familia numerosa (título): 1 punto.

- 3.- Ingresos familiares:

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de membros da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Dodro o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Dodro.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- e) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se teña coñecemento e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Acreditar, no momento da solicitude, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ao Concello de Dodro a obter a información.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións este me necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será o concelleiro de Servizos Sociais e Benestar . O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional ao alcalde - presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 das presentes bases. Todo isto conforme ao establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Dodro (BOP da Coruña, num. 143 de 30 de xullo de 2018).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidente: o concelleiro de Servizos Sociais e Benestar

Vogais:

A traballadora social do Concello.

A educadora social do Concello.

Actuará como secretario/a da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo alcalde - presidente mediante decreto.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes elaborárase o informe-proposta de resolución provisional en función do cumprimento dos requisitos esixidos, que conterá a relación de solicitudes coas puntuación obtidas. Este listado publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Dodro e a través da páxina web municipal unicamente co número do documento de identidade anonimizado que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude e o número de referencia da mesma (que será facilitado no momento da presentación).

Unha vez publicada a resolución provisional, as/os solicitantes, disporán dun prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao da publicación, para que presenten as alegacións que estimen pertinentes. Á vista das alegacións e documentación presentada, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo aos parágrafos anteriores, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como co disposto na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Dodro, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios, na páxina web do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

2.- A contía da axuda por alumna/o será de **80 €**, e farase efectiva mediante o ingreso na conta bancaria da persoa solicitante.

Artigo 7.- Xustificación e pagamento.

O pagamento das axudas efectuarase aos representantes legais das/os beneficiarias/os previa a presentación dos xustificantes de gasto relacionados cos conceptos subvencionados e cuxo importe deberá ser igual ou superior ao da axuda concedida. A presentación dos xustificantes deberá realizarse no prazo de 10 días hábiles seguintes á data da publicación da resolución definitiva.

Das axudas debidamente xustificadas o órgano instrutor elevará proposta de resolución para a aprobación de recoñecemento de obrigas e a xustificación do pagamento, dando traslado á Tesourería para a súa execución.

Disposición adicional.

Para o non previsto nas presentes Bases será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Dodro.

Disposición final.

Estas Bases entrarán en vigor unha vez publicadas no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa, sen prexuízo da súa publicidade na paxina web do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Contra estas Bases poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

Dodro, 18 de setembro de 2020

O alcalde

Francisco Xabier Castro Tourís

2020/6561